

Manuel García Sánchez, *Galano* (1922-2016)

EL 31 de xuyín de 1936 un rapacín da Roda de catorce anos miraba con os prismáticos cómo subía por Pellogra a columna militar rebelde que vía dende A Veiga, arrodiando pol interior, camín de Tapia pra ocupar a villa. Condo se taban achegando, entróuye medo de que ye incautaran el aparato y corréu a esconderse al túnel da Corveira, que daquella taba en obras. Nun salíu d'allí hasta que soubo que marcharan.

Condo as tropas chegaron á Roda, cuntaron qu'os sous tiradores tuveran a punto de dispararye a aquella persona que los taba velando dende llonxe. Pensaran qu'era un miliciano republicano. Aquel neno sabicheiro que puido llevar un disgusto chamábase Manuel García Sánchez. Destacaba na escola pola súa llisteza, nun ye gustaba a llabranza y na súa cabeza bulligaban outras inquietudes. Tía a idea firme d'emigrar pr'América, como tantos outros rapaces, pro a Guerra Civil cortóulo todo arrentes y aquel proyecto nun chegou a ferver realidá. Veron despóis oitenta anos más de vida, úa mujer y tres fiyos –ún d'ellos, Manolín, morto prematuramente con pouco más d'un ano–, netos, familia... Tamén veu a música, el teatro, a lliteratura, el aprecio de muitos amigos y vecíos, y el reconocemento das institucióis pol sou llabor.

Un 28 d'agosto del 2016, a os 94 anos d'edá, deixábanos Manuel García-Galano, qu'asina empezou a firmar como escritor, recuperando

el arcuño de sou bolo. *Manolo Galano*, como todos ye chamábamos, decano das lletras eonaviegas, deixaba más orfos que nunca a aquellos que nos esmolemos pol futuro del gallego-asturiano.

Se houbera que destacar daqué del sou papel na nosa lliteratura, ade-máis del sou peso específico nella como autor teatral y narrador, habería que referirse al Galano como animador y espeyo pra os escritores novos qu'emppezaron a xurdir alló a últimos dos anos 80 del siglo pasao. Nunca faltou a súa axuda en cualquera iniciativa: tanto dá que foise un premio lliterario, úa presentación, úa revista, úa grabación, un coloquio, un blog... A os sous máis de setenta anos allí taba: amostrando cómo fer as cousas con agayo, con búa disposición, sin afán de protagonismo, con humildá, namáis pensando nel ben da nosa llingua.

A conversación col Galano –sábelo ben quen tuvo a fortuna de tratarlo– era úa gozada. Gustábase ilustrar as súas opiniós y comentarios con comparanzas, refráis y anécdotas de súa vida. Condo se refería a axudar á medría da lliteratura en gallego-asturiano, falaba d'arrimar un brazadín al payeiro ou recordaba as estellías que s'achegan al llume pra que nun morra; condo se queixaba da súa pouca produción lliteraria botaba mao da imaxe das fontes que secan condo el manantial é froxo; condo ye dabán conseyos ruíos de poñer en práctica, contestaba qu'a lletra d'esa canción xa la sabía había muito y qu'a cousa era poñerye a música. Sempre ese deixe d'humor y d'ironía que tanto caltríu a súa obra.

As súas inquietudes artísticas empezaron nel ámbito musical. De ben novo, el cura da Roda víu cómo ye manaba a música y axina lo mandaron a aprender solfeo. Del harmonio da iglesia pasou a tocar el saxofón na banda de música de Salave y a os decioito anos xa asumiu a dirección da formación. Condo se desfixo a banda, pasou á de Tapia y máis tarde amañou úa orquestía de jazz cua qu'animeron os bailes da contornada.

Actor aficionao nos grupos locales, en 1944 crúzaseye d'esgueira na súa vida el teatro en gallego-asturiano porque é nese ano condo se volvío

representar en Tapia a zarzuela *Un feixe de tapiegadas*, qu'escrivira en 1922 Conrado Villar Loza. Foi el Galano quen acompañou al piano as pezas musicais. Pódese ver como un antícpio da súa vinculación vital col teatro en gallego-asturiano. Despois de casao, empezou a trabayar en Tapia nel Sindicato Agrícola y axina s'integróu na vida cultural da villa. É nos anos 50 condo con outros amigos escribe un par d'obras de teatro: *El americano del pote* y *El casado casa quer*. Condo cua chegada das corporaciós democráticas el alcalde ye pergunta se pode discurrir daqué pras festas del Carme, el Galano decídese a amañar un grupo de teatro, Ameicer, y a escribir úa peza pra ellos, ademáis d'encargarse da dirección. Era 1979 y el obra titulouse *Cambian os tempos*. Nese llabor tuvo hasta 1991, tempo nel que puxo once títulos en gallego-asturiano –dous d'ellos, *Dous páxaros d'un tiro* (1982) y *Cásasenos a nena* (1985), editáronse en multicopia– y traduciu dalgún máis de Tomás Niembro a esa llingua. Desque acabou el grupo Ameicer, el Galano nun deixou d'escribir porque el actividá teatral nun morréu na contornada. Pral grupo Pico de Faro da Roda escribíu máis sainetes qu'a Secretaría Llingüística del Navia-Eo editou xuntos nel 2000 nel libro titulao *Erguendo el telón*.

Ademáis de teatro, el Galano tamén empezara a escribir relatos curtos y el sou fiyo, el pintor Miguel Galano, mentres taba de profesor de Dibuxo en Mérida, supervisou a edición en 1984 del qu'é primeiro libro de narrativa en gallego-asturiano: *Parzamiques*. Foi úa tirada pra regalar a os amigos, un obra qu'os qu'empezábamos a escribir daquella recibimos como se fora úa ayalga.

Xa xubilao, a década dos noventa resultou ben productiva pral noso autor. Condo en 1991 el asociación cultural Xeira convocou a primeira vez el sou Premio de Narraciós Curtias foi el Galano quen lo ganou con «A terra é a terra», circunstancia que s'aprovetou pra fer úa edición aumentada de *Parzamiques*, xa comercial, en 1993. Foi un honra que fose él quen inaugurara a trayectoria d'ese galardón qu'animou máis de dúas

décadas de creación lliteraria en gallego-asturiano. Hai que recordar que nesos tempos taba dándose un debate sobre qué normativa ortográfica seguir pra escribir nesa variedá llingüística y el autor foi partidario de revisar os textos cua proposta de normas promovida pol Goberno asturiano, criterio que seguío en adelante nas súas publicacióis. Gracias al interés de Félix Ferreiro, responsable del Servicio de Política Llingüística daquella, puido reunir en volume toda a súa obra teatral nel libro *Mareaxes tapiegos* y al outro ano publicar tamén, col sou amigo Jacinto Díaz, un vocabulario da Roda (Tapia). Anque é úa pena qu'as definicióis sían tan escuetas y que seguramente seguiron el criterio de recoyer namáis el que nun ta nel diccionario da Real Academia Española, trátase d'un obra ben interesante onde se xunta a capacidá d'observación y a experiencia llingüística de dous falantes patrimoniales de muita edá. Sempre guiando el idea d'axudar, de contribuír nel que se poda.

Tampouco nun se pode esquecer qu'eses primeiros anos dos noventa tuveron marcaos pral Galano pola desgracia da morte da súa fiya Élida, *Leli*, profesora d'Historia Medieval na Universidá d'Uviedo. Pra ella escribíu úa dedicatoria sentida na segunda edición dos *Parzamiques*.

En 1996 botóu a andar a Secretaría Llingüística del Navia-Eo dentro del Academia da Llingua Asturiana y con ella nacéu *Entrambasauquias*, úa publicación periódica dafeito en gallego-asturiano. Dende el primeiro número nunca faltou a participación del escritor tapiego, ben sía con relatos de ficción ou ben con recordos personales y da historia local. Nel 2005 xuntáronse todas as súas colaboracióis nel libro *Vento d'autono*.

El 1 d'abril del 2006 recibíu el homenaxe dos sous amigos y vecíos nun acto de reconocemento feito nel Salón de Plenos del Conceyo de Tapia onde colaboraron el propio Conceyo, el asociación Xeira y el Academia da Llingua Asturiana. Nomáronlo Fiyo Predilecto de Tapia. A súa humildá proverbial quitóu de que puxeran el sou nome a úa caye de Tapia. Por muito que se prigóu, negóuse de todo. Al outro mes, recibía

nel Teatro Filarmónica el nomamento d'Académico d'Honra del Academia da Llingua Asturiana. Foi un acto que muita xente que tuvo allí ha a recordar porque el Galano, como bon director de teatro, dominaba el arte de falar en público y sabía ben cómo ferse cua xente y poñerye úa sonrisa na cara. Tamén foi emocionante el homenaxe que nel 2008 a Consexeiría de Cultura ye fexo na Veiga nel I Encontro d'Escritores. Allí, arrodiado dos autores novos en gallego-asturiano, sentiu el cariño y el respeto de todos. Einda al outro ano, nel 2009, recoyéu en Xixón el Premio Timón que concede L'Arribada.

Despós de xubilarse, tuvo vagar y agayo pr'aprender a manexar el ordenador y el correo electrónico como un xeito de conectarse col mundo e invirtirse nas súas investigacióis, como por exemplo úa historia del actividá teatral en Tapia que ta inédita. Tamén empezou a escribir poesía, úas composicióis curtias en verso llibre con un deixe ás veces irónico, ás veces desengañao. Animao pola revista *Trabatel*, hasta traduciu al gallego-asturiano us poemas d'Eugénio de Andrade. El sou compromiso pra botar úa gabita nel llabor lliterario llevóulo tamén a colaborar col portal Falaviva.net escribindo articulíos curtios que, con outros contos que tía guardaos, publicou nel 2010 nel libro *Faraguyas*. En palabras d'él, esplicaba as súas últimas creacióis como faraguyas que ye quedaban nel mantel despós d'acabarse el bollo pequeno que tía nel maxín.

Llector sin descanso, maraviyábase cuas grandes obras da lliteratura, esas que fain empequenecer cualquier intento personal d'escritura. Recorido el impresión que ye causara ller *As uvas da ira* de Steinbeck. «Encoye el alma», dicía él. Nun podo evitar pensar cónto de bon más pudo dar el Galano á lliteratura en gallego-asturiano se as súas circunstancias vitales y el contexto histórico chegan a ser diferentes. Así y todo, temos a súa herencia, que nun é pouca y é ben meritaria: os sous llibros, os sous contos, el teatro que siguen poñendo os grupos locales y, nun plano

máis personal pro non menos importante, el recordo que deixa entre os que tuvemos el privilexo da súa amistá.

BIBLIOGRAFÍA DE MANUEL GARCÍA, *GALANO*

Dous páxaros d'un tiro, Uvieo, 1982.

Parzamiques, [edición del autor], Tapia, 1984.

Cásasenos a nena, Uvieo, 1985.

Parzamiques, Xeira, A Caridá, 1993.

Mareaxes tapiegos, Serviciu de Publicaciones del Principáu d'Asturies, Uviéu, 1993.

Vocabulario d'A Roda (Tapia de Casariego) [con Jacinto Díaz López], Serviciu de Publicaciones del Principáu d'Asturies, Uviéu, 1994.

Vocabulario d'A Roda (Tapia). Segunda edición miyorada [con Jacinto Díaz López], Serviciu de Publicaciones del Principáu d'Asturies, Uviéu, 1996.

«Notas pral estudio das agrupaciós musicales del conceyo de Tapia», en *Estudios das terras del Navia-Eo*, Secretaría Llingüística del Navia-Eo-Academia de la Llingua Asturiana, Uviéu, 1998, pp. II-17.

«Reseña bibliográfica de don Conrado Villar Loza», en Conrado VILLAR LOZA, *Un feixe de tapiegadas* (Facsimil da edición de 1922 y partituras d'Etelvino Méndez Martínez), Servicio de Publicaciós del Principao d' Asturias, Uviéu, 1999, pp. ix-xiii.

Erguendo el telón. Sainetes, Secretaría Llingüística del Navia-Eo-Academia de la Llingua Asturiana, Uviéu, 2000.

Vento d'autono, Secretaría Llingüística del Navia-Eo-Academia de la Llingua Asturiana, Uviéu, 2005.

Faraguyas, Secretaría Llingüística del Navia-Eo-Academia de la Llingua Asturiana, Uviéu, 2010.

XOSÉ MIGUEL SUÁREZ FERNÁNDEZ



Universidá d'Uviéu
Seminariu de Filoloxía Asturiana

17



ISBN 1578-9453

9 771578985006